

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.54384>



EDICIONES
COMPLUTENSE

GURRIARÁN, José Antonio (2015): *As mulleres do monte. Lembranzas e pantasma dun neno da posguerra*. Vigo: Galaxia, 438 pp.

Durante a Guerra Civil española e a ditadura franquista Galicia sufriu unha política brutal de represión e aniquilación. Coa depuración iniciada dende os primeiros días da Guerra Civil, en xullo de 1936, comezaron as accións violentas dos sublevados contra os seus opositores, que foron marxinaos e silenciados. Ameazados de morte ou tortura, moitos daqueles, mulleres e homes, tiveron que fuxir aos montes de Galicia e Portugal converténdose en guerrilleiras e guerrilleiros. Oitenta anos despois destes momentos históricos e sumamente traumáticos a editorial Galaxia, na súa colección Memoria, publicou no ano 2015 *As mulleres do monte. Lembranzas e pantasma dun neno da posguerra* do autor e xornalista ourensán José Antonio Gurriarán (O Barco de Valdeorras, 1939). Con este libro, Gurriarán, escritor tamén dos títulos *¿Caerá Allende?* (Doposa, 1973), *Chile, el ocaso del general* (El País Aguilar, 1985) e *Armenios, el genocidio olvidado* (Espasa Calpe, 2009), presenta a súa primeira publicación en galego, na que estuda o papel fundamental das mulleres –“mulleres do monte”– na loita contra a ditadura franquista. Elas involucráronse nas dúas organizacións nas que os fuxidos se organizaron: a Federación de Guerrillas, creada en 1941, e o Exército Guerrilleiro Galego, creada en 1944.

A obra, precedida por un limiar a cargo de Alfonso Guerra, está dividida nun apartado preliminar seguido por oito capítulos e un apéndice gráfico. Todo iso constitúe un texto que pretende combinar o resultado dunha procura de testemuños e documentos sobre a época da posguerra española coa memoria íntima do autor, quen iniciou a súa investigación hai dez anos para completar as súas primeiras lembranzas da infancia. Gurriarán escribe desde a súa perspectiva como “neno da posguerra” e na introdución ofrécenos unha breve síntese sobre “a xeración do silencio” á que el

mesmo pertence e que está marcada polo silencio e a desmemoria. O autor explica que os pais, non querendo transmitir a dor e o medo, nesta época gardaron un fondo mutismo que favoreceu a que toda unha xeración fora parte dun gran pacto de silencio. Deste xeito, aspectos da Guerra Civil e do primeiro franquismo permaneceron na escuridade por un longo tempo mentres que os efectos traumáticos da guerra e a conseguinte ditadura quedaron presentes na memoria colectiva. Esta é a razón pola que, segundo o xuízo do autor, hoxe en día existe un gran descoñecemento sobre a guerrilla antifranquista, sobre todo en relación co papel das mulleres que optaron por loitar contra o réxime de Franco. O autor cree que a historia non recoñeceu o importante labor das guerrilleiras e critica o descoñecemento sobre os feitos, que foi impulsado polos vencedores da guerra. Para derrubar o “muro do silencio” recupera a voz das mulleres que se encargaron de levar alimentación, medicamentos, armamento e información aos refuxiados no monte e, incluso, participaron nos combates.

Baseándose en diferentes fontes –desde o compendio de entrevistas realizadas a persoas relacionadas coa guerrilla sobre as visitas a arquivos (policiais, xudiciais e militares) ata as propias lembranzas– recupera as vivencias das “mulleres do monte”. Sobrancea a vontade de Gurriarán de lembrar e describir os feitos horrosos que aconteceron na súa vila de maneira detallada (coas datas, cos lugares dos crimes) establecendo, desde xeito, unha gran homenaxe ás guerrilleiras e guerrilleiros. O autor escribiu un libro de investigación histórica de gran valor que ofrece unha ollada de conxunto sobre o papel destacado da muller na loita contra o fascismo en Galicia e a represión que sufriu nesta época. Un dos varios testemuños que o autor recolle no seu libro para narrar a historia íntima e “silenciada” das guerrilleiras é o de Antonia

Rodríguez López. Ela e a súa irmá Consuelo Rodríguez actuaron como nexo do Servizo de Información Republicana (SIR). Ameazadas de morte, refuxiáronse nas montañas, onde tamén axudaron aos seus compañeiros nas batallas. En xullo de 1946 Antonia e Consuelo Rodríguez deixaron o seu país para buscar acubillo en Francia, onde Antonia faleceu no ano 2012. Uns anos antes lembrou nunha conversa con José Antonio Gurriarán a súa traxedia familiar.

No libro tamén aparece o caso de Matilde Franco, informadora dos fuxidos e compañeira do guerrilleiro Abel Ares, e o de Paquina Nieto, por cuxa tenda pasaron gran parte das mensaxes secretas dos fuxidos. Recordando todos estes testemuños o autor valora e homenaxea as vidas e ideas das mulleres que colaboraron cos guerrilleiros republicanos.

A Guerra Civil e o franquismo deixaron pegadas indelebles. Os seus traumas, feridas e medos inscribíronse na memoria colectiva. Neste sentido o interese polo tema –sobre este mesmo argumento xa escribiu a xornalista Ana R. Cañil, *La Mujer del Maquis* (Espasa Libros, 2008), libro que gañou, no ano 2008, o Premio Espasa de Ensayo; a profesora Aurora Marco con *Mulleres na guerrilla antifranquista galega* (Laiovento, 2011) e Pablo Ces co documental *Silenciadas* (Mr. Misto Films S.L., 2011)– ten que ver coa obriga cada vez máis

indispensable de dar voz ás protagonistas “silenciadas” durante décadas e gardar a memoria viva das testemuñas directas, que está desaparecendo paseniñamente.

Podemos finalmente destacar que *As mulleres do monte* é un libro importante que nos ofrece outra perspectiva da loita antifranquista, a das mulleres. Gran parte dos antigos “fuxidos” non lograron superar os traumas por mor do silencio e esquecemento. Poder deixar o seu testemuño é un acto de recoñecemento. Este compromiso de dar voz aos que senten a necesidade de contar o que estiveron silenciando durante moito tempo fai do libro de José Antonio Gurriarán un alegato reivindicativo sobre as verdades non verbalizadas, un libro que, como afirmou Alfonso Guerra, esixe o “respecto da memoria de cada unha das vítimas”. Co seu libro, Gurriarán oponse á construción dunha memoria histórica única, para –citando o propio autor– “construír con fidelidade uns feitos, que en moitos casos, só foron contados por un bando dos que participaron neles: os vencedores da guerra e da posguerra”.

Libros como este reforzan a idea de que ao fin chegou a hora de darlle voz a aqueles que non se senten comprometidos por ningún pacto de silencio.

Anna LAMMERS
Christian-Albrechts-Universität zu Kiel
alammers@romanistik.uni-kiel.de